



CONVENIO ENTRE O CONCELLO DA CORUÑA E O INSTITUTO GALEGO DE ANÁLISE E DOCUMENTACIÓN INTERNACIONAL (IGADI) PARA O DESENVOLVEMENTO DAS BASES DE ACCIÓN EXTERIOR DA CORUÑA (BAEX).

“NOVOS TEMPOS PARA A ACCIÓN EXTERIOR DE GALICIA. A CORUÑA GLOBAL NO MUNDO DO S.XXI”

Na Coruña, a de de 2020

REUNIDOS

Dunha parte, Dona Inés Rey García, en nome e representación do Concello da Coruña, (CIF P-1503000-J) e domicilio en Praza María Pita, s/n, 15001 A Coruña), actuando en calidade de Alcaldesa en exercicio das funcións e competencias que lle atribúe o art. 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

E da outra, D. Daniel González Palau, en calidade de Director do Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional (en adiante IGADI) e en nome e representación da entidade, con CIF nº G36741049, con sede na cidade de Pontevedra, Centro Cívico SUR, rúa Luís Braille nº 40, CP 36003, no uso das atribucións que lle confire o artigo 23 dos seus Estatutos.

Ambos os representantes, recoñecéndose mutuamente capacidade xurídica suficiente, subscriben no nome das entidades que representan o presente convenio e

EXPOÑEN

1. Que o Concello, en virtude do establecido na Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, do 2 de abril, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos expostos no artigo 25 da citada norma. En concreto, o obxecto do presente convenio enmarcase no ámbito de competencias que veñen desenvolvendo as Concellerías de Innovación, Industria, Emprego e Consumo e na de Turismo, Comercio e Mercados, así como na Concellería de Igualdade, Benestar e Participación, do xeito que está previsto na Lei 5/2014, de 27 de maio de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración local. Trátase de desenvolver as Bases de Acción Exterior da Coruña (BAEX) aprobadas polo Pleno do Concello en data 21 de marzo de 2019.
2. Que o Concello de A Coruña, de acordo co establecido no art.5.2. da Lei 2/2014 do 25 de marzo de acción exterior do Estado, e o art. 4.c. do Decreto 178/2015, do 26 de novembro, que regula a

Acción Exterior da Comunidade Autónoma de Galicia, é suxeito da acción exterior do Estado e de Galicia.

3. Que o Concello de A Coruña aprobou o 21 de marzo de 2019 en Pleno, por unanimidade de todos os grupos, a [proposta do IGADI](#), a Declaración institucional “A Coruña global no mundo do S.XXI” de apoio ao documento BAEX A Coruña para ordenar a acción exterior municipal, evitando a inflación e dispersión de actividades de perfil internacional e reforzando así o posicionamento global do Concello e o seu capital relacional internacional.
4. Que desde a fundación en 1991 do Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional, IGADI (www.igadi.org) naceu como un proxecto independente de partidos, empresas ou institucións. Naceu coa vocación de ser un “*think tank*” de relacións internacionais que achegase un valor engadido á acción exterior de Galicia, desde os valores propios, o coñecemento especializado, a vontade de construír consensos arredor da acción exterior e a lealdade co sistema autonómico.
5. Que o Concello da Coruña entende que a actividade de ASOCIACIÓN INSTITUTO GALEGO DE ANALISE E DOCUMENTACION INTERNACIONAL (IGADI) é de interese social para o conxunto da comunidade e o tecido económico, sociocultural e académico da cidade.
6. Que o Concello da Coruña colabora de maneira continuada co IGADI desde o 1999, ano de incorporación do Concello da Coruña ao Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade.
7. Que a ASOCIACIÓN INSTITUTO GALEGO DE ANALISE E DOCUMENTACION INTERNACIONAL (IGADI) é unha agrupación privada que por razón da actividade non queda en relación de dependencia respecto do Concello da Coruña.
8. Que a Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (en diante Lei Xeral de Subvencións), na seu art. 2.1, entende por subvención toda disposición dineraria realizada polas entidades que integran a Administración Local a favor de persoas públicas ou privadas que cumpran os seguintes requisitos: que a entrega se realice sen contraprestación directa dos beneficiarios, que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, a execución dun proxecto, a realización dunha actividade, a adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver, ou a concorrencia dunha situación, debendo o beneficiario cumprir as obrigacións materiais e formais que se estableceron, e que o proxecto, a acción, conduta ou situación financiada teña por obxecto o fomento dunha actividade de utilidade pública ou interese social ou de promoción dunha finalidade pública.
9. Que o Concello da Coruña entende que o desenvolvemento das BAEX é de interese xeral para o conxunto da comunidade, e en consecuencia, o Orzamento municipal para 2020 recolle unha subvención de carácter nominativo a favor de IGADI de 25.000 €, coa finalidade de realizar o citado programa.

10. Que a Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, dispón no seu artigo 22.2 que poderán concederse de forma directa as subvencións nominativas previstas nos orzamentos das Entidades Locais, nos termos recollidos nos convenios e na normativa reguladora destas subvencións, e no artigo 28 establece que os convenios serán o instrumento habitual para canalizar estas subvencións.
11. Que podendo iniciarse o procedemento de concesión de oficio ou a petición da entidade interesada, o IGADI, a requirimento municipal, presentou, con data sete de agosto de 2020 a documentación necesaria para a subscripción do convenio.

Na súa virtude, o Concello da Coruña e o IGADI formalizan o presente Convenio de Colaboración conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- NATUREZA E OBXECTO DO CONVENIO

O presente Convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración técnica e económica entre o Concello da Coruña e o IGADI para executar o desenvolvemento das BAEX aprobadas polo Pleno do Concello da Coruña en data 21 de marzo de 2019. As actividades e o proxecto de execución das BAEX que teñan cabida neste Convenio desenvolveranse entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2020, e atópanse plasmadas no Anexo I do presente documento.

SEGUNDA.- CONTIDO DO PROXECTO DE ACTUACIÓN

O proxecto persegue os obxectivos e características que se describen a continuación e que se detallan no Plan de Traballo no Anexo I do presente texto.

Obxectivos:

Obxectivo xeral do proxecto: Apoiar o desenvolvemento das BAEX A Coruña no contexto da Estratexia Galega de Acción Exterior e a creación actual da Lei Galega de Acción Exterior e Cooperación ao Desenvolvemento.

Obxectivo Específico 1. Promover un relato coral arredor da historia e proxección da Coruña no mundo global.

Obxectivo Específico 2: Ordenar e mellorar a participación do Concello da Coruña en irmandamentos e redes de cidades

Obxectivo Específico 3: Conectar A Coruña á Ruta da Seda e China desde o Xacobeo e o Camiño inglés no marco da Estratexia Galega de Acción Exterior.

Características:

Froito do contexto de incerteza causada pola emerxencia da Covid19 na sociedade internacional; os obxectivos do presente Convenio e o seu Plan de traballo aspiran tanto a reforzar a misión estatutaria do IGADI, a promoción dunha política de acción exterior de Galicia, así coma a dar impulso á normalización da acción exterior municipal para o desenvolvemento formalizado das BAEX A Coruña, (en liña coa Declaración institucional o Pleno do Concello do 21 de marzo “A Coruña global no mundo do S.XXI”). Neste sentido cómpre destacar que as actividades do convenio coincidirán co actual debate arredor da futura Lei de Acción Exterior e Cooperación ao Desenvolvemento de Galicia.

No Plan de traballo anexo a este Convenio defínese a lóxica integral do proxecto “Novos tempos para a acción exterior de Galicia. A Coruña global no mundo do S.XXI” identificando obxectivos, resultados e actividades, así como indicadores, fontes de verificación, orzamento e cronograma.

TERCEIRA.- Normativa Reguladora

A normativa reguladora das accións contempladas neste convenio de colaboración está conformada pola Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o seu Regulamento de desenvolvemento; a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e o seu Regulamento de desenvolvemento; a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

CUARTA.- Deberes do Concello

O Concello comprométese a achegar ao IGADI a cantidade de VINTECINCO MIL EUROS (25.000 €), con cargo á aplicación 10.922 .48950 do orzamento municipal en vigor para 2020.

QUINTA.- Deberes do beneficiario

O IGADI comprométese a cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención, nas condicións que se contemplan na memoria presentada no momento da solicitude do convenio, xunto co balance de actividades (ingresos e gastos) ou orzamento e/ou o plan de traballo correspondente. No caso de que non sexa posible porque non se execute a actividade, procederá á renuncia expresa da mesma.

O IGADI comprométese a destinar os fondos achegados polo Concello da Coruña á finalidade contemplada na Memoria presentada, que se desenvolverá no exercicio 2020.

O IGADI comprométese a presentar a documentación xustificativa da mesma nos termos establecidos nas cláusulas deste Convenio.

O IGADI comunicará por escrito e de forma motivada no prazo máximo dun mes, desde a notificación da concesión da subvención no Rexistro Xeral de Entrada do Concello, calquera modificación dos datos

identificativos do proxecto ou dos aspectos substanciais dos obxectivos do mesmo, para a súa aprobación.

O IGADI comprométese a comunicarlle ao Concello, por escrito e no prazo máximo dun mes desde que teñan coñecemento da súa concesión, a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración pública, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

O IGADI comprométese a conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

O IGADI comprométese a reintegrar os fondos percibidos nos supostos que procedan.

O IGADI comprométese a solicitar os permisos e autorizacións necesarias para o desenvolvemento da actividade.

O IGADI comprométese a que todo o persoal dedicado á realización das actividades que impliquen contacto habitual con menores cumpra co requisito previsto no artigo 13.5 da Lei Orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro de Protección Xurídica do Menor, asinando a declaración responsable incluída no formulario de solicitude.

Todas as actuacións desenvoltas polo IGADI (vinculadas ao referido Convenio) serán obxecto de seguimento polo persoal técnico do Concello da Coruña designado para o efecto, polo que o IGADI someterase a todas as actuacións de verificacións económicas e técnicas necesarias a realizar polo Concello da Coruña para comprobar o cumprimento da lexislación española, e ao mesmo tempo, calquera outras de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais como comunitarios, achegando canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores (artigo 14.1.c. da Lei Xeral de Subvencións).

SEXTA.- Financiación da actividade

A actividade se financiará coa aportación municipal establecida na cláusula cuarta deste Convenio.

En relación co art. 32 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións enténdese que o Orzamento Xeral do Concello estableceu a achega municipal como un importe certo sen referencia a unha porcentaxe ou fracción do custo total e que, en consecuencia, queda de conta da entidade beneficiaria a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada.

Se o custo total da actividade é inferior ao importe do financiamento público, procederá ao reintegro deste polo importe que supere o custo total da actividade, de acordo co art. 32.2 do Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, aprobado por Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo.

Esta subvención será compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou ente público ou privado, sempre que non se

supere o custo da actividade subvencionada, sen prexuízo do que puidese establecer a normativa reguladora das devanditas subvencións ou axudas.

De conformidade co disposto no art. 34 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, sendo compatible dita achega con outras subvencións, no caso de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas respecto do custo do proxecto ou actividade, e aquelas fosen compatibles entre si, o beneficiario deberá reintegrar o exceso a favor das entidades concedentes en proporción ás subvencións concedidas por cada unha delas. No caso de que o Concello advirta o exceso de financiamento, esixirá o reintegro polo importe total do exceso ata o límite da subvención outorgada en virtude deste Convenio.

A achega municipal non poderá superar o déficit resultante do orzamento inicial en que se reflicta o financiamento previsto, no momento da concesión, ou o déficit final da actividade, no momento da xustificación.

SÉTIMA.- Gastos subvencionables

1. Considéranse gastos subvencionables aqueles que sexan imprescindibles para o desenvolvemento da actividade subvencionada, realícense durante o exercicio 2020 e estean efectivamente pagados antes da data de finalización do prazo de presentación da xustificación establecido na cláusula décimoprimeira deste Convenio. En particular, considéranse gastos subvencionables aqueles que, ademais de recollerse expresamente na súa solicitude, respondan de maneira indubitada á natureza da actividade subvencionada, tales como:
 - Gastos de funcionamento da entidade necesarios para o desenvolvemento da actividade obxecto da subvención (gastos de persoal directamente vinculados ao desenvolvemento específico das BAEX incluídos gastos de desprazamentos e aloxamento cos requisitos e condicións legais e regulamentariamente establecidos, adquisición de medios e materiais didácticos e de consumo vinculados ao desenvolvemento das BAEX ; seguros; gastos de profesionais; alugueres de equipos, maquinarias e inmobles vinculados directamente á execución do plano de actividades, etc.). Cando estes correspóndanse con custos de persoal ou outros de carácter estrutural da entidade, deberá xustificarse dentro da actividade subvencionada na parte que razoablemente corresponda de acordo cos principios e normas de contabilidade xeralmente aceptados e, en todo caso, na medida en que tales custos correspondan ao período en que efectivamente se realiza a actividade, debendo gardarse a debida coherencia co período e intensidade dos factores de produción estritamente necesarios para o exercicio da actividade subvencionada. Unicamente se considerará gasto subvencionable a porcentaxe de nómina (máximo 25%) que se dedique efectivamente a labores de coordinación e todo elo segundo as tarefas que cada persoa teña realizado con cuantificación das horas que supuxeron cada unha das citadas tarefas.
 - Outros gastos correntes directamente relacionados e necesarios para o desenvolvemento da actividade ou proxecto obxecto de subvención (gastos I+P+C): publicidade, cartelería, dípticos; subministracións e/ou outros servizos profesionais (son, imaxe), etc.
2. Non serán subvencionables os gastos de investimento nin os de natureza inventariable, os financeiros xerados por avais, anticipos bancarios ou análogos, nin os realizados fóra dos prazos de execución do convenio ou pagados fóra do prazo de xustificación. Os gastos de desprazamento

pagados a traballadores por conta propia ou particulares alleos á entidade pagadora só serán subvencionables cando se xustifiquen coa correspondente factura.

3. Poderanse imputar á conta xustificativa gastos xerais da entidade que teñan vinculación coa actividade subvencionada, ata un máximo do 20 % do orzamento inicial da actividade, ou do gasto executado se é menor, acreditando os mesmos cos correspondentes xustificantes de gasto e a acreditación do pago efectivo dos mesmos. A imputación da actividade subvencionada terá que levarse a cabo na parte que razoablemente corresponda de acordo cos principios e normas de contabilidade xeralmente admitidas e, en todo caso, na medida que tales custos correspondan ao período en que efectivamente se realiza a actividade. En particular, a imputación de custos de persoal da estrutura da entidade beneficiaria dedicado a labores de organización, coordinación, control, dirección ou similares, consideraranse a efectos desta subvención gastos indirectos (xerencia, secretarías, contables, administración, etc.).

Con todo, a entidade poderá optar por imputar como gastos xerais un 10% do importe do gasto executado sen necesidade de presentar ningún xustificante. Neste caso non se poderán imputar na conta xustificativa ningún outro gasto de carácter xeral salvo que se acredítese de forma fiable nos xustificantes de gastos que se trata dun gasto directo e necesario para o desenvolvemento da actividade. En ningún caso caberá combinar ambas as posibilidades e en calquera caso non se admitirá gasto indirecto algún por enriba do límite do 20% da contía da subvención.

4. Os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais ou rexistrais e os gastos periciais non poderán ser considerados gastos indirectos, sendo subvencionables só no caso de que se traten de gastos directamente relacionados coa actividade subvencionada e sexan imprescindibles para a adecuada preparación ou execución da mesma.
5. En ningún caso, o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.
6. Os gastos que se realicen apartándose do proxecto ou fóra do seu prazo de execución non serán subvencionables.
7. En ningún caso, o beneficiario poderá contratar servizos ou subministracións con persoas ou entidades vinculadas co beneficiario, salvo que concorran as seguintes circunstancias:
 - Que a contratación se realice de acordo coas condicións de mercado
 - Que se obteña a previa autorización expresa do órgano concedente do seguinte modo:
 - o interesado deberá solicitar autorización con carácter previo ao desenvolvemento da actividade subvencionada
 - o órgano concedente deberá adoptar un acordo, con anterioridade á execución da actividade subvencionada, indicando o terceiro ou terceiros cos que se contratará e os servizo/s ou subministracións que poden ser obxecto de contratación
8. A posibilidade de subcontratación estará sometida ás limitacións establecidas no artigo 29 da Lei 39/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións. Poderase subcontratar incluso o 50% da actividade subvencionada. Con todo o réxime de subcontratación suxeitarase aos seguintes límites:

- a) No caso de subcontratacións con entidades que non sexan vinculadas e nos supostos previstos nos apartados a), b), c) e e) do artigo 29.7 da LXS, non se admitirá a subcontratación en ningún caso.
- b) No caso de subcontratacións con entidades que non sexan entidades vinculadas, para supostos distintos do apartado anterior e a subcontratación supere o 50% establecido nesta cláusula, admitirase como gasto subvencionable só ata o 50% do gasto que finalmente se considere subvencionable e sempre que non se incremente coa subcontratación o custo da actividade subvencionada agás que este incremento supoña un valor engadido á actividade que deberá ser acreditado. No caso de que a subcontratación supere o 20% do importe da subvención e exceda de 60.000,00 euros é preciso que se autorice o gasto previamente polo órgano concedente da subvención e que se formalice por escrito.
- c) No caso de subcontratacións con entidades vinculadas, deben observarse os requisitos previstos nos apartados precedentes e ser obxecto a subcontratación de autorización expresa polo órgano concedente da subvención, e que o importe subvencionable non exceda do custo incorrido pola entidade vinculada. A acreditación do custo realizarase na xustificación nos mesmos termos establecidos para a acreditación dos gastos do beneficiario.

Non obstante o sinalado nos apartados anteriores, naqueles casos nos que o importe subcontratado supoña unha porcentaxe significativa do conxunto do gasto, valorarase a posibilidade de non admitir o resto dos gastos por incumprimento do fin para o que se concedeu a subvención.

OITAVA.- Abono da subvención

Con carácter xeral, o recoñecemento da obrigaón a favor da entidade beneficiaria e o pago da achega realizarase tras a presentación e aprobación da xustificación nos termos establecidos neste Convenio. Producirase a perda de dereito ao cobro total ou parcial da subvención no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia dalgunha das causas previstas no art. 37 da LXS.

No caso de que a documentación xustificativa fose incorrecta ou insuficiente, darase un prazo de dez días para a súa emenda. Pasado o devandito prazo sen que se presentase a documentación requirida, archivarase a solicitude e entenderase desistida da súa petición.

Tamén poderán realizarse pagos anticipados de ata un 20% da subvención, que supoñerán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención. Neste caso, deberá ser solicitado expresamente pola entidade beneficiaria. As partes acordan a realización de catro pagamentos:

- a) Anticipo: 20% do total da subvención concedida.
- b) Á presentación da xustificación do 50% do gasto, aboarase outro 30% do total da subvención concedida.
- c) Á presentación da xustificación do 100%, o restante 50% da subvención concedida.

Ao remate do Convenio, a persoa responsable da execución do mesmo por parte do IGADI presentará unha liquidación-resumo de ingresos e gastos, que someterá a aprobación do Concello.

Non poderá realizarse o pagamento da subvención á entidade beneficiaria en tanto non se estea ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias co Concello e a Axencia Tributaria e fronte á Seguridade Social ou sexa debedor por resolución de orixe de reintegro. Neste sentido sinalar que de conformidade co artigo 28.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, o Concello da Coruña solicitará as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal de Administración Tributaria, a Tesourería Xeral da Seguridade Social, a Axencia Tributaria de Galicia e o propio Concello da Coruña, para verificar o cumprimento deste apartado.

Con todo, a persoa solicitante ou o seu representante poderán opoñerse expresamente á consulta ou obtención da documentación sinalada, debendo neste caso, presentar a documentación acreditativa nos termos previstos regulamentariamente, achegando as certificacións acreditativas.

O importe da subvención está vinculado ao orzamento total da actividade e, en ningún caso, poderá ser superior ao déficit da mesma. A entidade beneficiaria deberá xustificar que realizou a actividade nos termos da memoria presentada ou, no seu caso, da reformulación realizada.

Cando o importe xustificado sexa inferior ao orzamento inicial, ou, no seu caso, ao reformulado, só se aceptarán desviacións de financiamento cando estas sexan inferiores ao 10% do importe consignado no orzamento inicial. En caso de superarse este importe, dará lugar en todo caso a unha redución proporcional da cantidade concedida, ata o límite do 50%. No caso de que se xustificase un gasto inferior ao 50% do orzamento subvencionado para xustificar, non se considerará cumprida a finalidade básica da subvención, polo que non se abonará ningunha cantidade ou, no seu caso, solicitarase o reintegro total da subvención.

NOVENA.- Execución do convenio

A execución e xustificación do presente Convenio corresponderá ao IGADI, quen procederá á utilización, con carácter exclusivo durante o tempo de duración da execución e xustificación do proxecto, dunha única conta bancaria onde se fará fronte aos deberes derivados das actuacións encomendadas no presente convenio (excepto os pagos das retencións do IRPF e as cotas da Seguridade Social do persoal asignado ao proxecto, que se poderán seguir facendo efectivos na conta habitual), e que quedará afectada ás mesmas. Na devandita conta ingresaranse a achega do Concello da Coruña e calquera outra que derive da execución do presente convenio. O IGADI xustificará ante o Concello da Coruña a existencia da conta, e será responsable de que os fondos percibidos sexan utilizados conforme aos principios dunha clara e correcta xestión financeira.

DÉCIMA.- Prazo de execución

As actuacións levaranse a cabo no período de vixencia do presente convenio de colaboración, polo que o prazo para a execución das accións comprenderá desde o día 1 de xaneiro ata o 31 de decembro

do ano 2020. En consecuencia, as facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil, deberán ser emitidas dentro do referido período.

DÉCIMOPRIMEIRA.- Xustificación

Unha vez finalizada a actividade e, en todo caso, antes de que transcorran dous meses desde a finalización da vixencia do convenio, o IGADI deberá presentar na sede electrónica do Concello da Coruña <https://sede.coruna.gob.es> a seguinte documentación para os efectos de xustificación do convenio:

- a) Impreso de solicitude de xustificación segundo modelo establecido para o efecto, que incluíra unha declaración responsable e unha relación da documentación que se achega para a xustificación.
- b) Memoria que acredite que a actividade foi realizada e grao de cumprimento de obxectivos. O beneficiario deberá xustificar que realizou a actividade nos termos da memoria presentada, que incluíra as evidencias documentais e gráficas necesarias, de acordo co esixido no correspondente plan de traballo.
- c) Balance de actividade (ingresos e gastos) realizados con motivo da actividade subvencionada, de maneira que se poida comprobar que se axustou ao orzamento inicial presentado.
- d) Para comprobar a medida en que se axustou o balance ao orzamento inicial presentado, acompañarase coa xustificación o cadro de desviacións do balance con respecto ao orzamento inicial, e, no caso de que neste obsérvense desviacións, cubrirase o seu informe de xustificación.

Neste sentido o importe da subvención está vinculado ao orzamento total da actividade e en ningún caso poderá ser superior ao déficit da mesma. No caso de que existan desviacións á baixa entre o balance e o orzamento inicial presentado, producirase o reintegro da achega municipal unicamente polo importe que pase o custo total da actividade.

- e) Relación clasificada e detallada dos gastos da actividade con indicación do acredor, do nº de documento, data de emisión, importe, concepto e data de pago.
- f) Facturas orixinais debidamente cumprimentadas ou fotocopias compulsadas dos gastos realizados no exercicio da actividade. As facturas haberán de presentarse polo conxunto da actividade subvencionada aínda cando o outorgamento da subvención municipal sexa inferior ao orzamento inicial. Xustificarase preferentemente con facturas aínda que se poderán admitir outros documentos de igual valor probatorio admitidos no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa. Estas deberán incluír unha descrición dos ben ou servizos que se facturan de forma clara e precisa, que permita apreciar a vinculación coa actividade, ou na súa falta unha memoria de cada unha das facturas que detallen os bens e/ou servizos facturados.
- g) Cando o importe facturado sexa inferior a 400 euros, IVE incluído, en calquera tipo de operación, ou cando sexa inferior aos 3.000,00 euros, IVE incluído, nas operacións contempladas no artigo 4.2 do Real Decreto 1619/2012, admitirase a factura simplificada, aínda que esta factura debe incluír o destinatario/a, que será en todo caso a entidade beneficiaria da subvención.
- h) Os xustificantes de pago orixinais (facturas) presentados marcaranse cunha estampilla, indicando na mesma a subvención para cuxa xustificación foron presentadas e se o importe do xustificante

impútase total ou parcialmente á subvención. Neste último caso indicárase ademais a contía exacta que resulte afectada pola subvención.

- i) Acreditación do pago efectivo de cada un dos gastos. Só se considera gasto realizado o efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación, debendo acreditarse o pago a través de copia do extracto bancario cando o pago se realiza a través de transferencia, copia do cheque bancario cando se realice a través de cheque, neste último caso debe achegarse igualmente extracto ou movemento bancario, e coa conformidade, suficientemente acreditada, do contratista ou provedor/a na correspondente factura en caso de pagos en efectivo, isto é mediante recibo no que conste que ao emisor/a foille satisfeito o importe ou ben no propio xustificante de gasto o emisor do mesmo acredite co seu NIF e firma que recibiu o importe e a data na que o recibiu.

Admitiranse pagos en efectivo por importes de ata 300 euros. No caso de que o pago dun servizo estea fraccionado en varios pagos, o límite de 300 euros entenderase para o conxunto dos pagos correspondentes ao servizo. Tamén se considerará efectivamente pagado o gasto coa cesión de crédito do dereito de cobro da subvención a favor das persoas acreedoras por razón do gasto realizado ou coa entrega as mesmas dun efecto mercantil, garantido por unha entidade financeira ou compañía de seguros.

- j) Certificación emitida pola persoa con competencia do IGADI co VºBº do Presidente acerca das subvencións e demais ingresos xerados con motivo da actividade subvencionada con independencia do seu reflexo no balance.
- k) No caso de que existan gastos de persoal: Nóminas, documentos acreditativos de cotización á Seguridade Social e documentos de ingreso en Facenda das retencións practicadas en concepto de I.R.P.F. No caso de que a subvención outorgada teña destino ao pago de persoas físicas que presten servizos retribuídos, pago de premios ou pago de axudas de custo, a entidade beneficiaria está obrigada á retención do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas (IRPF), nos límites e excepcións que establece a Lei e Regulamento do imposto ou no seu caso, disposicións regulamentarias en vigor.
- l) Ademais do cumprimento dos aspectos formais da factura, no caso de actividades profesionais ou empresariais, arrendamentos, pago de premios ou pago de dietas suxeitas a retención no imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF), cos límites e excepcións establecidos na Lei e normativa de desenvolvemento, nos que a obrigada a reter é a propia entidade beneficiaria, para admitir o gasto como debidamente xustificado, o beneficiario deberá presentar o modelo de xustificante de ingreso na AEAT, coa explicación e detalle correspondente no caso do que o citado xustificante ou modelo inclúa o bruto de varias retencións, isto é:
- Modelo 110 e modelo 190 acreditativo do pago á Axencia Tributaria das retencións practicadas a profesionais suxeitos ao IRPF
 - Modelo 115 e modelo 180 acreditativo do pago á Axencia Tributaria das retencións practicadas ao arrendador/a ése persoa física suxeita ao IRPF.
- m) Os tres orzamentos que, en aplicación do artigo 31.3 da Lei Xeral de Subvencións debe solicitar o beneficiario cando o importe do gasto subvencionable supere a contía de 40.000 euros no

suposto de custo por execución de obra, ou de 1.000 euros no caso de subministración de bens de equipo ou prestación de servizos.

- n) Certificación emitida pola persoa con competencia do IGADI, co VºBº do Presidente, no que se desagregue por tipo de gasto, o importe total dos gastos xerais da Entidade, no caso de que se imputen gastos xerais ou indirectos a unha actividade concreta.

O Concello resérvase o dereito para comprobar, polos medios que estime oportunos, que a xustificación é correcta. Por tanto, o beneficiario quedará obrigado a facilitar tanta información lle sexa requirida polo servizo xestor, a Intervención Xeral e os órganos competentes en censura de contas.

DÉCIMOSEGUNDA.- SUPERVISIÓN DA EXECUCIÓN DO CONVENIO.

A persoa responsable municipal do Convenio será designado pola Alcaldesa-Presidenta do Concello da Coruña.

Ao responsable do Convenio correspóndelle supervisar e controlar a execución do mesmo e adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a súa correcta realización.

O Concello da Coruña poñerá a disposición do IGADI a información que, estando non seu poder, sexa necesaria para a execución dos traballos.

Por parte do IGADI será responsable da execución do convenio Don. Daniel González Palau, Director do IGADI.

DÉCIMOTERCEIRA.- PROPIEDAD E CONFIDENCIALIDADE DA INFORMACIÓN

Os traballos resultantes serán propiedade do Concello da Coruña. Tanto a documentación final como toda aquela outra que, ao longo do desenvolvemento do presente convenio fose xerada, ten a consideración de propiedade do Concello da Coruña, e poderá ser difundida e entregada para uso de terceiros, unicamente polo Concello da Coruña.

O IGADI e o equipo de traballo conformado respecto do obxecto deste proxecto, quedará sometido en todo momento ás leis en vigor que rexen a confidencialidade e protección de datos, feito que deberá constar fehacientemente en todas as actuacións que realicen coas empresas e persoas no marco do presente proxecto.

O persoal do IGADI participante no Convenio observará confidencialidade sobre toda aquela información do Concello da Coruña que teña que utilizar no desenvolvemento da actividade obxecto deste Convenio, agás que o Concello da Coruña decida o contrario.

O Concello da Coruña e o IGADI comprométense a dar información pública da firma deste Convenio na que deberan incluír polo menos: título, contido, importe e prazo de realización.

Ambas as partes comprométense a que todo o persoal participante no proxecto coñeza e observe o compromiso de confidencialidade regulado por esta cláusula.

Cando algunha das partes desexe utilizar resultados parciais ou finais, en parte ou na súa totalidade, para a súa publicación ou difusión por calquera medio, deberá solicitar a conformidade da outra parte mediante método de comunicación fidedigna dirixido ao responsable do seguimento do proxecto, sempre que isto non prexudique á posible protección de resultados por títulos de propiedade industrial. A outra parte deberá responder, de forma fidedigna, nun prazo máximo de trinta días, comunicando a súa autorización, a súas reservas ou a súa disconformidade sobre a información contida na devandita difusión. Transcorrido o devandito prazo sen obter resposta, entenderase que ou silencio é a tácita autorización para a súa difusión. Esta previsión non será de aplicación aos fitos de comunicación, divulgación, actos públicos, etc. xa previstos no plan de traballo.

Con todo, a utilización do nome do IGADI con fins publicitarios, requirirá a autorización previa e expresa por escrito dos órganos competentes do IGADI.

No caso de publicación ou difusión por calquera das partes farase sempre referencia especial ao presente Convenio.

As memorias ou traballos executados polo IGADI poderán utilizar a imaxe corporativa deste.

DÉCIMOCUARTA.- PRÓRROGA, MODIFICACIÓN E RESCISIÓN

As partes poderán denunciar ou modificar o presente documento en calquera momento por mutuo acordo, sempre e cando non supoña unha modificación substancial das condicións inicialmente pactadas.

Se por causas imputables ao IGADI non se levase ata o fin o proxecto de investigación, o Convenio quedaría automaticamente rescindido e o Concello da Coruña só tería que pagar o importe resultante da liquidación correspondente ao traballo efectivamente realizado no plan de traballo anexo.

Así mesmo, se o Concello da Coruña pretendese unilateralmente dar por finalizado o traballo antes do seu remate, deberá aboar ao IGADI o importe total do traballo realmente executado ata o momento nun prazo non superior a un mes.

DÉCIMOQUINTA.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN DO CONVENIO

Será causa de resolución do presente Convenio o mutuo acordo entre as partes, así como a denuncia de incumprimento de calquera das cláusulas mediante preaviso comunicado de forma fidedigna no prazo dun mes desde que aquel fose detectado.

DÉCIMOSEXTA.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

O presente Convenio de colaboración ten natureza administrativa e rexerase polo establecido nas cláusulas do mesmo ou, na súa falta, polo establecido na normativa xeral.

As posibles cuestións litixiosas ou controversias a que poida dar lugar a aplicación, interpretación, modificación, efectos e resolución do presente convenio, serán resoltas, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

As partes que subscriben o presente documento colaborarán en todo momento de acordo cos principios de boa fe e eficacia, para asegurar a correcta execución do pactado e para fomentar e impulsar o desenvolvemento das actuacións relacionadas.

En proba de conformidade, asinamos este convenio, en exemplar duplicado e para un só efecto, no lugar e na data que se indican a continuación:

Polo Concello da Coruña,

Polo IGADI,

Inés Rey García

Daniel González Palau

ANEXO I

PLAN DE TRABAJO CONVENIO CONCELLO DA CORUÑA-IGADI 2020 “NOVOS TEMPOS PARA A ACCIÓN EXTERIOR DE GALICIA: A CORUÑA GLOBAL NO MUNDO DO S.XXI”

1. ANTECEDENTES E PRESENTACIÓN.

Entre o 2017 e o 2018 o IGADI traballou arredor do documento de Bases de Acción Exterior A Coruña (BAEX a partir d'agora), desde unha primeira definición formal, ata a revisión colectiva entre os departamentos do Concello e as entidades e persoas participantes na elaboración do documento.

Co resultado final do documento e trala previa participación no proceso de consolidación do documento dos distintos partidos políticos presentes no Pleno do Concello, o IGADI promoveu a Declaración institucional “A Coruña global no mundo do S.XXI”, en liña co obxectivo de promover unha coordinación real e de consenso mínimo na acción exterior do Concello, e a coordinación cos axentes claves da cidade con perfil global, no marco tamén do conxunto da acción exterior galega. A mesma aprobouse por unanimidade do Pleno o 21 de marzo de 2019.

O presente plan de traballo procura darlle continuidade á declaración institucional “A Coruña global no mundo do S.XXI”, no contexto producido pola incerteza na sociedade internacional froito da crise do coronavirus e a covid 19, activando procesos que potencien o desenvolvemento das BAEX na cidade, promovendo un relato coral arredor da historia e proxección internacional da cidade, activando mecanismos de mellora na participación en redes de cidades e irmandamentos do Concello e conectando o Camiño inglés á Ruta da Seda chinesa no marco da acción exterior de Galicia. Os tres obxectivos atópanse en liña e estimulan o Plan de actuación das BAEX A Coruña, ao tempo que son elementos centrais dos obxectivos estatutarios do IGADI.

O presente documento desenvolve así mediante unha planificación guiada polo Enfoque do Marco Lóxico, os Obxectivos, os Resultados e as Actividades asociadas ao Convenio “Novos tempos para a acción exterior de Galicia. A Coruña global no mundo do S.XXI” Concello da Coruña-IGADI 2020.

2. METODOLOXÍA, OBXECTIVOS, RESULTADOS E CRONOGRAMA.

Presentamos desde a metodoloxía de formulación de proxecto do Enfoque do Marco Lóxico o Plan de actividades do Convenio 2020 Concello da Coruña-IGADI, “Novos tempos para a acción exterior de Galicia. A Coruña global no mundo do S.XXI”.

Obxectivo xeral do proxecto: Apoiar o desenvolvemento das BAEX A Coruña no contexto da Estratexia Galega de Acción Exterior e a creación actual da Lei Galega de Acción Exterior e Cooperación ao Desenvolvemento.

O Plan de actuación do documento de BAEX A Coruña establece unha folla de ruta para desenvolver a Misión e a Visión da internacionalización da cidade que o documento aspira a dinamizar, promovendo a internacionalización da cidade da Coruña coma unha cidade atlántica e europea intermedia, de

proxección global, e de recoñecido prestixio en ámbitos como a cultura, a innovación e as tics, o mar, o turismo, a moda, a gastronomía ou a sustentabilidade urbana.

Froito do contexto de incerteza causada pola emerxencia da Covid19 na sociedade internacional, os obxectivos do Plan de traballo aspiran tanto a reforzar a misión estatutaria do IGADI, a promoción dunha política de acción exterior de Galicia coordinada, así coma a dar impulso á normalización da acción exterior municipal, para o desenvolvemento formalizado das BAEX A Coruña, en liña coa Declaración institucional o Pleno do Concello do 21 de marzo “A Coruña global no mundo do S.XXI”. Neste sentido cómpre destacara que as actividades do convenio coincidirán co debate arredor da futura Lei de Acción Exterior e Cooperación ao Desenvolvemento de Galicia.

Así as cousas os Obxectivos Específicos do proxecto son:

Obxectivo Específico 1. Promover un relato coral arredor da historia e proxección da Coruña no mundo global.

Obxectivo Específico 2: Ordenar e mellorar a participación do Concello da Coruña en irmandamentos e redes de cidades

Obxectivo Específico 3: Conectar A Coruña á Ruta da Seda e China desde o Xacobeo e o Camiño inglés no marco da Estratexia Galega de Acción Exterior.

A continuación desenvolvemos de maneira particular cada un dos Obxectivos Específicos, identificando resultados finais concretos e as actividades precisas para conseguilos, así coma indicadores de éxito, as fontes de verificación, o orzamento e o cronograma do proceso.

Obxectivo Específico 1. Promover un relato coral arredor da historia e proxección da Coruña no mundo global.

A Coruña global precisa dunha cidadanía e sociedade civil informada, con coñecemento da súa historia internacional e das oportunidade e as capacidades que o perfil da cidade ten no mundo global. Nunha cidade moderna co perfil actual da Coruña a construción dun relato coral, desde as institucións, a sociedade civil e os líderes de opinión pública, debe animar a co-construción desa imaxe internacional, cohesionando identidades plurais, facilitando a comunicación entre elas e identificando unha comunidade de interese cómplice co desenvolvemento da acción exterior municipal.

Indicadores:

- Cando menos participan 150 persoas no Ciclo de coloquios IGADI-UDC.
- Cando menos participan 100 persoas responden o cuestionarios online.
- Cando menos 100 persoas interactúan coas redes sociais do IGADI en relación á enquisas online.
- Cando menos participan representantes de 30 entidades no Ciclo de coloquios IGADI-UDC.
- Cando menos o 60% das avaliacións da actividade amosan satisfacción en relación á construción dun relato coral.

Fontes de Verificación:

- Programa e vídeos do Ciclo de coloquios e online “Paradiplomacia galega na Covid19? A Coruña no mundo global do S.XXI”.
- Informe “A Coruña global no mundo do S.XXI”.

R1. Realizado o Ciclo de Coloquios presenciais e online, IGADI-UDC: “Paradiplomacia galega na Covid19? A Coruña no mundo global do S.XXI”

Para a construción do relato colectivo arredor da Coruña global precisamos dunha ollada plural dos seus protagonistas e unha ollada ao pasado que axude a comprendermos o presente e os retos do futuro inmediato. Así as cousas o proxecto desenvolverá un ciclo de diálogos ou colóquios arredor da historia da acción exterior de Galicia, focando á atención no papel da cidade da Coruña, tanto no ámbito político-institucional, coma académico, sociocultural, económico...

A.1.1 Identificar os contidos e producir o ciclo de coloquios presenciais e online, IGADI-UDC: “Paradiplomacia galega na Covid19? A Coruña no mundo global do S.XXI”

Durante os meses de agosto e setembro producirase o Ciclo, dotándoo de contidos, imaxe gráfica propia e programa concreto, para desenvolver os colóquios tanto en modalidade presencial coma online segundo as circunstancias oportunas no contexto da crise sanitaria da Covid19. Procurarase a participación de persoas e entidades notables na vida internacional da cidade e construción da Autonomía de Galicia.

Cronograma: Agosto e Setembro.

Orzamento: IGADI.

Fontes de Verificación: Programa final

A1.2. Executar o Ciclo de Coloquios presenciais e online, IGADI-UDC: “Paradiplomacia galega na Covid19? A Coruña no mundo global do S.XXI”

No contexto global da pandemia da Covid 19 e a Axenda 2030, e no contexto local, do desenvolvemento das BAEX A Coruña e a creación da Lei galega de Acción Exterior e Cooperación para o Desenvolvemento, propónse a seguinte liña temática semanal para o conxunto do ciclo.

O ciclo sucederá ao longo de 5 semanas, entre a terceira de outubro e a terceira de novembro.

- Da xeopolítica á construción europea: A globalización e a acción exterior de Galicia na construción da autonomía. O papel da Coruña.
- A América galega, dos centros galegos ás empresas no S.XXI. O caso da Coruña.
- Os Camiños de Santiago e o Camiño inglés, a ruta atlántica da Coruña.
- As cidades e a cooperación internacional: a Axenda Urbana de ONU e a Estratexia Galega de Acción Exterior. O caso da Coruña.
- A globalización nos tempos da Covid 19. Crise, oportunidades e perspectiva. O caso da Coruña.

O Ciclo contará cunha campaña de publicidade en medios de comunicación online e redes sociais que comezará o 1 de outubro coa presentación pública do programa.

Cronograma: Outubro e novembro

Orzamento:

Contratación relatores especialistas, 2.500€

Producción técnica comunicación (notas de prensas, audiovisual e redes sociais) 3.000€

Publicidade, 2.000

Materiais, 500

Imaxe gráfica; 1.000€

Fontes de Verificación: Listas de inscrición online, Vídeos das Xornadas...

R.2. Identificada a comunidade de interese arredor da Coruña global

A produción e execución do Ciclo de Coloquios permitiranos coñecer as historias e os segmentos da cidade, entidades e persoas, máis interesadas en participar dunha acción exterior da Coruña coral, así coma as súas preocupacións e expectativas en relación á mesma.

A2.1. Recollida de datos e realización de enquisas: inscricións e redes sociais.

Máis alá da lista de persoas e entidades participantes nos Coloquios; a definición técnica das Xornadas realizarase por medio de inscricións telemáticas, acompañadas da posibilidade da resposta dun cuestionario online arredor da identificación das liñas narrativas, fitos e imaxes que cohesionen o relato global da cidade, así coma as ameazas a unha acción exterior local con posibilidades de retorno. Xunto a enquisas directas en redes sociais, crearemos arredor das xornadas un tráfico de información relevante e datos que faciliten a identificación dunha comunidade e dun relato da Coruña global.

Cronograma: Setembro, outubro e novembro.

Orzamento: (Incorporado dentro da Contratación do equipo de comunicación do Ciclo de colóquios).

Fontes de Verificación: Conxunto de cuestionarios e enquisas...

A.2.2. Realización do informe final “A Coruña global no mundo do S.XXI”

Xunto á información procesada froito da recollida de datos por medio das enquisas online, contaremos para a elaboración do Informe final co conxunto dos diálogos nos Coloquios, que contará cun resumo executivo de cada unha das sesións, apuntando unhas conclusións finais co conxunto de datos e relatos identificados.

Cronograma: Novembro.

Orzamento: Técnicxs IGADI

Fontes de Verificación: Informe final.

Obxectivo Específico 2: Actualizar e mellorar a participación do Concello da Coruña en irmandamentos e redes de cidades.

En liña co desenvolvemento da Declaración institucional “A Coruña global no mundo do S.XXI” e as liñas de traballo tradicionais do IGADI activaremos unha reflexión concreta ao interior do Concello para ordenar e mellorar a participación da cidade en redes de cidades e irmandamentos.

Cómpre engadir que esta experiencia piloto, froito da existencia dun regulamento e dunha historia concreta arredor dos irmandamentos municipais na Coruña, obteremos tamén unha experiencia potencial concreta e valiosa para o conxunto da acción exterior de Galicia.

Indicadores:

- Participan cando menos 10 persoas, 5 técnicos e políticos.
- Os partidos políticos presentes no Pleno participan no Obradoiro.
- Os técnicos e os partidos políticos participantes no Obradoiro dan o seu visto bo á proposta do IGADI.

R.3. Realizada unha proposta de actualización, coa participación de técnicas e políticas municipais, da relación do Concello cos seus irmandamentos e redes de cidades internacionais.

O regulamento de Irmandamentos do Concello da Coruña é un antecedente formal da historia da acción exterior do Concello. Neste momento de renovación da visión internacional do Concello cúmpre actualizalo ao novo contexto da paradiplomacia internacional de cidades.

A.3.1 Obradoiro con técnicos e políticos arredor dos irmandamentos e as redes internacionais de cidades.

Realizarase un obradoiro con persoal técnico e político para presentar o estado actual do Concello en relación aos seus irmandamentos e participación en redes de cidades, amosando exemplos de boas prácticas en relación a estas liñas de traballo municipalistas, para finalmente coñecer dinámicas grupais que den a coñecer as ameazas e as oportunidades da participación nestas ferramentas de paradiplomacia local.

Cronograma: Outubro.

Orzamento: Técnicos IGADI

Fontes de Verificación: listado de participación, fotografías...

A.3.2. Proposta de actuación e seguimento de participación en Redes de Cidades e irmandamentos.

O IGADI definirá unha potencial proposta concreta de actualización do regulamento municipal sobre irmandamentos, no que incorporar os criterios que regulen a participación en redes de cidades, en liña co 4.4. do Plan de actuación actual das BAEX A Coruña.

Cronograma: Novembro.

Orzamento: Técnicos IGADI

Fontes de Verificación: Proposta de actuación renovación Regulamento Irmandamentos.

Obxectivo Específico 3: Conectar A Coruña á Ruta da Seda desde o Xacobeo e o Camiño inglés.

Froito da convocatoria de proxectos da Xunta de Galicia –O teu Xacobeo, o IGADI desenvolve desde o 1 de outubro de 2019 o proxecto “O Xacobeo 2021 e a Ruta da Seda: Camiños para o diálogo Oriente-Occidente”, en colaboración coa Xunta de Galicia e os propios Concellos de Santiago de Compostela, A Coruña, Pontevedra e Lugo.

O IGADI, cunha forte relación desde a súa fundación no 1991 tanto coa acción exterior oficial galega, como con China e Asia, promove a realización do proxecto co obxectivo de posicionar o Xacobeo 2021 en China. Ao mesmo tempo o proxecto aspira a reforzar o papel de Galicia e as súas cidades dentro da Unión Europea, como espazos simbólicos e operativos do encontro sino-europeo desde os significantes culturais do Camiño de Santiago e da Ruta da Seda, pasados e presentes.

A participación do Concello da Coruña conta cun especial valor e potencial, especificamente desde as potencialidades do Porto da Coruña e o Camiño inglés, mais tamén arredor de toda a conectividade da cidade con China desde ámbitos académicos, socioculturais e económico-comerciais.

Indicadores:

- Cando menos participan 6 entidades da Coruña ou área metropolitana na Rede de interese multiactor Galicia-China
- Participan cando menos 25 persoas na presentación do Informe final do proxecto na Coruña.

Cronograma: Outubro 2019 Outubro 2020

Orzamento: 3.000€

R4. O Concello da Coruña participa no proxecto “O Xacobeo 2021 e a Ruta da Seda: Camiños para o diálogo Oriente-Occidente”

A participación do Concello nesta rede de conectividade Galicia-China dará coma resultado concreto e operativo a presentación final do proxecto no Concello durante o mes de outubro de 2020 servindo coma punto de encontro e comunicación e dinamización futura con todas as entidades e persoas que desexan coñecer mellor e conectarse máis a China e a Ruta da Seda.

A súa vez, a participación do Concello da Coruña enfatizará os valores do Camiño inglés, tanto na comunicación do proxecto como na definición final do Plan de actuación de posicionamento do Xacobeo 2021 en China e a Ruta da Seda. Anéxase o Resumo Executivo do proxecto a este documento. Actualmente o IGADI presentou á segunda convocatoria de proxectos O Teu Xacobeo a segunda edición “O Xacobeo 2021 e a Ruta da Seda: Camiños para o diálogo Oriente-Occidente” a celebrarse entre o 1 de outubro do ano 2020 e o 30 de abril do ano 2021. Así as cousas aspírase a acumular traballo en liña a mellorar as oportunidades do relacionamento coa UE e China a todos os niveis desde os poderes intanxibles do Camiño de Santiago e a Ruta da Seda, nunha visión a medio-longo prazo que atrevase a próxima década e os Xacobeos 2021, 2027 e 2032.

A participación no proxecto debe entenderse no contexto do desenvolvemento do documento de BAEX A Coruña e da propia Estratexia Galega de Acción Exterior.

Anéxase o Resumo Executivo do proxecto O Xacobeo e a Ruta da Seda para o Concello da Coruña, onde se definen os obxectivos, os resultados e as actividades para o conxunto das institucións envolvidas e a particular do Concello da Coruña.

Na lóxica do Convenio Concello da Coruña-IGADI “Novos tempos para a acción exterior de Galicia. A Coruña global no mundo do S.XXI” o R3 desenvólvese na cidade por medio de dúas actividades concretas:

A.4.1. Rolda de prensa de presentación do proxecto.

Cronograma: Setembro

A.4.2 Actividade presencial de presentación do proxecto.

Cronograma: Outubro

Orzamento: 3.000 (técnico especialista en China)

3. COMUNICACIÓN.

A comunicación online e presencial é especificamente relevante no conxunto de actividades do presente convenio.

Así as cousas a comunicación do proxecto realizarase desde o IGADI, visibilizando as actividades do mesmo por medio das súa web e redes sociais, así coma co envío de notas de prensa en relación aos fitos do proxecto e as actividades públicas do mesmo. Para o desenvolvemento técnico do Ciclo de Coloquios contarase con profesionais especializados en comunicación dixital e audiovisual.

Contarase tamén cunha partida no Orzamento para a publicidade en medios de comunicación online e redes sociais.

Será de especial relevancia a colaboración na comunicación dos socios do proxectos, desde o Concello á Universidade e as entidades participantes.

4. ORZAMENTO

10.000€ Factura IGADI ou nóminas, persoal directamente envolvido nas actividades (Produción Ciclo Paradiplomacia en tempos de Covid19?, Obradoiro e proposta de actualización das redes de cidades internacionais e Coordinación do proxecto xeral)

2.500€ Contratación especialistas Ciclo

3.000€ Comunicación proxecto (xestión eventos online, dinamización redes sociais e tratamento de datos cuestionarios...)

3.000€ Contratación especialista China

1.000€ Deseño gráfico do proxecto.

500€ Publicidade física e materiais.

2.000€ Publicidade contratada medios e redes sociais

3.000€ Gastos indirectos (teléfonos, materiais...)

5. CONCLUSIONES

O presente proxecto representa unha oportunidade extraordinaria de dar un salto adiante na relación da cidade da Coruña co mundo do S.XXI. O conxunto de Obxectivos, Resultados e Activides consolidarán o desenvolvemento das BAEX A Coruña e a Declaración institucional “A Coruña no mundo global do S.XXI”, no contexto de incerteza da Covid19, A Axenda 2030 e a actualización normativa en curso da acción exterior de Galicia no seu conxunto.

Coñecer a historia, identificar os seus protagonistas e aliadas, e as potenciais sinerxías para un relato coral internacional da cidade, servirá coma estímulo ao desenvolvemento das BAEX, tendo en sí mesmo un forte valor para a cidade e para o conxunto da acción exterior de Galicia.

Ao tempo, a actualización normativa en relación aos irmandamento e as ordenación dos criterios arredor da participación en redes de cidades estimulará o propio proceso interno que o Concello da Coruña debe activar para implementar as BAEX de maneira sistemática.

Finalmente, a participación no proxecto “O Xacobeo 2021 e a Ruta da Seda: Camiños para o diálogo Oriente-Occidente” abre unha vía innovadora e con forte valor engadido para o posicionamento da cidade e os seus actores na China, apostando por fórmulas cooperativas en rede no marco da acción exterior galega, adecuando recursos e capacidades.

Así as cousas cumpre significar que o desenvolvemento do presente convenio representa unha oportunidade para incidir en futuras canles de colaboración coa Xunta de Galicia e outras entidades (asociacións empresariais, Universidades, ONGD's...) arredor da EGAEX; Estratexia Galega de Acción Exterior (art. 6.1. Decreto Acción Exterior Galicia) e o seu capítulo 3, -Axentes e actores galegos da acción exterior: coordinación, cooperación e colaboración.